




PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza

Algunhas das bodegas onde poderás degustar os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas da subzona de O Condado de Tea son:

- 4 Bodegas As Laxas, S.A.**
As Laxas, 16, 36430 Arbo
T +34 986 665 444
W www.bodegasaslaxas.com
- 6 Bodegas Marqués de Vizhoja**
Finca A Moreira, s/n, 36438 Arbo
T +34 986 665 825
W www.marquesdevizhoja.com
- 7 Bodegas Torgo**
Lugar O Torgo, Parada de Achas, 36887 A Cañiza
T +34 629 78 42 45
W www.torgo.es

ENCLAVES NATURAIS

- 1 Pesqueiras do río Miño (Crecente, Arbo, As Neves, Salvaterra de Miño)**

É probable que as pesqueiras ou pescos que hai na beira do río Miño sexan de época romana. Conforman un patrimonio único que se segue utilizando e que consiste en construcións de pedra en forma de paralelepípedos que provocan correntes e facilitan a captura de distintas especies de peixes de río, fundamentalmente o salmón, a lamprea e a zamborca. Existe unha ruta sinalizada que percorre un pequeno tramo do río Miño con pesqueiras.



Empanada de lamprea (Arbo)



Viños D. O. Rías Baixas



Pesqueiras do río Miño



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrevete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

Distintivo de Calidade SICTED: Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 01 A Paradanta

VIÑO E LAMPREA



Lamprea á bordelesa (Arbo)



SABOREA A COMARCA DA PARADANTA

VIÑO E LAMPREA

Convidámoste a revivir a tradición percorrendo as localidades de Crecente, Arbo, A Cañiza e Covelo. Os montes da Paradanta danlle nome a unha comarca de terras altas nas que nacen ríos e abundantes regatos que debuxan pequenos vales e que culminan o seu percorrido no Miño. En Arbo aínda se conserva a arte da pesca da lamprea grazas á tradición e ás antigas pesqueiras, construcións no río que servían para a súa captura. A comarca tamén ten unha arraigada tradición vitivinícola que, actualmente, está en auxe coa mellora do viñedo. É de obrigada visita o Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea, que divulga a tradición e a historia destes dous produtos representativos da localidade e, por extensión, da comarca.

A Paradanta tamén brinda a posibilidade de descubrir outras actividades tradicionais, coma a elaboración e transformación da cera das abellas, que se realizaba en obradoiros artesanais, ou a industria da madeira extraída dos seus bosques. O goce das paraxes naturais, mediante o sendeirismo ou outros deportes, é un estímulo para os sentidos que aconsellamos culminar coa degustación dos produtos emblemáticos, como a lamprea á bordelesa e o xamón da Cañiza maridados cun bo viño da terra.




Pesca da lamprea no río Tea



FAVUM-Lagar da Cera (Covelo)



Casa-Museo Etnográfico Pazo da Cruz (Covelo)



- 1 - Crecente
- 2 - Arbo
- 3 - A Cañiza
- 4 - Covelo




Casa-Museo Diego de Giráldez (A Cañiza)

Casa-Museo Diego de Giráldez (A Cañiza)

ruta 01 A Paradanta

VIÑO E LAMPREA



MUSEOS

2 Arabo: Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea

Centro dedicado a difundir a historia do viño e a tradicional pesca da lamprea, dous produtos que marcan a identidade do municipio. Durante a súa visita

coñecerás as especificidades da vitivinicultura e das adegas, ademais da historia e os métodos de captura da lamprea. Centro dedicado a difundir a historia do viño, coñecer as especificidades da vitivinicultura e das adegas, así como a transmitir os métodos tradicionais de pesca da lamprea.

📍 Prolongación a Tovar - antiga Carballeira de Turbela, 4, 36430 Arbo

T +34 986 665 778 / +34 986 665 000

W www.concellodearbo.es

9 Casa-Museo Diego de Giráldez

Situada en plena zona antiga da Cañiza, nela expónse a obra pictórica de Diego Giráldez, recoñecido pintor hiperrealista e autor significativo da pintura contemporánea española.

📍 Praza Maior, 4, 36880 A Cañiza

T + 34 986 651 000

W casamuseodiegodegiraldez.blogspot.com.es

11 Favum - Lagar da Cera

O centro presenta o oficio de *borreiro* (cereiro), explica o proceso que orixina a formación da cera, as técnicas para a súa obtención, así como o traballo e o proceso de fabricación de velas ou exvotos.

📍 Praza de Cotarel-Paraños, 36877 Covelo

T +34 986 645 768 W www.montesparanhos.com

12 Casa Museo Etnográfico Pazo da Cruz

Situado nun casarón moi ben conservado do século XVI, expón unha das coleccións etnográficas privadas máis importantes de Galicia, con máis de 6.000 obxectos, dispostos nas distintas estancias da casa.

📍 A Hermida, 36872 Covelo

T +34 629 141 715

W www.casamuseopazodacruz.com

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

8 Santuario de A Virxe da Franqueira (A Cañiza)

O antigo mosteiro da Franqueira atópase situado no corazón dos montes da Paradanta. O primeiro testemuño relativamente seguro da súa existencia procede de 1063.

13 Serradoiro dos Carranos

Construído en 1922, o complexo consta do serradoiro, o sequeiro ou almacén de madeira, unha pequena forxa, un pequeno almacén e un forno para eliminar os residuos. A través de raís, as vagonetas transportaban a madeira ata o interior do serradoiro. Especializouse na fabricación de carros.

📍 Maceira, 36872 Covelo

T +34 638 015 428 W www.concellodecovelo.es

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

As terras da Paradanta ofrecen grandes posibilidades gastronómicas para gozar ao longo desta ruta, coma a lamprea, o xamón da Cañiza e os viños da Denominación de Orixe Rías Baixas, subzona Condado de Tea.

3 Festa da Lamprea (Arbo)


Festa de Interese Turístico Nacional que ten lugar en abril e na que en carpas ou nos restaurantes e bares da localidade se pode degustar lamprea, elaborada de diferentes maneiras: en empanada, seca ou rechea, acompañada de viños da D. O. Rías Baixas Subzona de O Condado.

5 Festa da Lamprea Seca (Carballeira de Turbela, Arbo)

Festa que ten lugar en agosto na que se pode degustar a lamprea desecada nos secadoiros da localidade e cociñada de diferentes maneiras: asada, rebozada, rechea, con fideos... sempre acompañada cos mellores viños da D. O. Rías Baixas Subzona de O Condado.

10 Festa do Xamón (A Cañiza)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar en agosto, promociona o produto máis coñecido da Cañiza: o xamón. O clima frío e seco da localidade garante a boa curación das carnes, especialmente dos xamóns.



ARABO: Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea (Arbo)



ARABO: Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea (Arbo)



Serradoiro dos Carranos (Covelo)